

## BASES QUE REGULAN A INSCRICIÓN Á EXCURSIÓN AO AQUAPARK DE CERDEDA

As presentes bases regulan o proceso de inscrición á excursión ao Aquapark de Cerceda (A Coruña) organizada polo Concello de Barbadás, que consistirá nunha xornada cuxos contidos da actividade son principalmente de carácter sociocultural, recreativo e de convivencia, e o acceso á mesma.

### **1. TEMPORALIZACIÓN.**

1.1 A saída terá lugar o sábado **23 de xuño de 2018**

1.2 A actividade a duración dunha xornada con saída ás 9,00 horas da mañá da localidade da Valenzá (Avda. Celanova, fronte ó ximnasio Golfiños), e regreso de Cerceda ás 19,30 horas, chegando ao punto de orixe ás 21,30 horas aproximadamente.

### **2. PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE**

2.1 Poden solicitar esta actividade os nenos/as e mozos/as con idades comprendidas entre os 8 e 14 anos, empadroados/as no concello.

2.2 O grupo terá un máximo de 45 participantes e un mínimo de 15. A organización resérvase o dereito a suspender a actividade se non supera o número mínimo de participantes esixido, ou se as circunstancias meteorolóxicas non son favorables para a realización da actividade.

2.3 O grupo irá acompañado de monitores/as titulados correspondentes ao número de participantes que se encargarán de realizar actividades de animación durante a xornada.

### **3. PERSOAS CON DISCAPACIDADE**

3.1 As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta actividade cumprindo os seguintes requisitos:

- Facer constar a súa situación no apartado correspondente no impreso de solicitude, coa finalidade de planificar os apoios necesarios.
- Que no certificado de recoñecemento de discapacidade non se recolla a necesidade de axuda de unha terceira persoa.
- Ter capacidade de integración nun grupo e que as súas limitacións e/ou necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse na actividade que se vai a desenvolver.

3.2 A organización reservará un 5% das prazas para os solicitantes que non cumpran algún dos requisitos do punto 3.1, que deberán participar na actividade acompañados do pai/nai ou titor/a sen que lle supoña un custo engandido ao do participante.

#### **4. PRAZOS E ADXUDICACIÓN**

4.1 **O prazo de inscrición será do 14 ao 21 de maio de 2018** (ámbolos dous incluídos).

4.2 O día 23 de maio de 2018 publicaranse a listaxe de solicitudes por orde alfabética, no taboleiro da Casa da Xuventude e páxina web do concello

4.3 A adxudicación das prazas realizarase de forma directa no caso de que a demanda non supere o número de prazas ofertadas, e por sorteo público no suposto de que as prazas solicitadas superen as prazas disponibles. Para os solicitantes que se atopen na situación que se regula no punto 3.2, seguirase o mesmo procedemento.

4.4 O día **25 de maio, só no suposto de que as prazas solicitadas sexan superiores ás prazas ofertadas, celebrarase un sorteo público nas instalacións da Casa da Xuventude ás 13.00 horas para proceder á adxudicación das prazas correspondentes.** Neste sorteo xerárase a listaxe de espera. Para estes efectos, a presentación da solicitude implica a autorización para a publicación dos datos da persoa solicitante.

4.5 O día 28 de maio publicárase a listaxe provisional de persoas admitidas e as listaxes de espera, tendo de prazo ata o 31 de maio de 2018 para a realización do pagamento que, xunto coa presentación do xustificante de pagamento, suporá a confirmación da praza na actividade.

4.6 A non presentación do xustificante de pagamento suporá a baixa automática e a perda de todos os dereitos de participación na actividade.

4.7 O día 12 de xuño publicárase a listaxe definitiva de participantes no taboleiro da Casa da Xuventude e na páxina web do concello. Se a actividade non se levase a cabo por non superarse o número mínimo esixido de participantes, publicárase esta incidencia na web.

#### **5. INSCRICIÓN**

5.1 As inscricións poderán realizarse de forma presencial nas Oficinas Municipais da Valenza, no Rexistro xeral do concello, nas instalacións da Casa da Xuventude, ou por correo certificado presentado a seguinte documentación:

- A folla de inscrición individual debidamente cumprimentada que se facilitará na Casa Municipal de Xuventude ou que se poderá descargar directamente na páxina web do concello, cuxa sinatura produce os efectos de autorización para a asistencia do menor á actividade.
- Certificado de recoñecemento de discapacidade, de ser o caso.
- Xustificante de pagamento (Este trámite realizarase do 28 ao 31 de maio, no momento en que es publiquen as listaxes provisionais de admitidos. )

5.2 Só no caso da presentación de solicitudes por correo certificado, estas deberán ir dirixidas á seguinte dirección:

Concello de Barbadás  
Rúa Cimadevila nº 1  
32890 Barbadás (Ourense)

5.3 O horario da oficinas para realizar a inscrición será de luns a venres de 8,30 a 14,30 horas.

5.4 Os datos reflectidos na documentación presentada deberán ser certos na súa totalidade; de non ser así, suporá a baixa automática e a perda de todos os dereitos de participación na actividade.

## **6. PREZOS E PAGAMENTO**

6.1 O Custo da praza para a excursión á Cerceda é de **15€** que inclúe o desprazamento, xantar e merendas por conta da organización e entradas ó Aquapark, seguros de reponsabilidade civil e seguro de accidentes.

6.2 De non realizarse este trámite suporá a baixa automática e a perda de todos os dereitos de participación na actividade.

6.3 O pagamento deberá realizarse mediante ingreso ou transferencia bancaria ó número de conta/IBAN: ABANCA (A VALENZÁ) : ES 78 2080 0470 2931 10000065, indicando como concepto “Excursión á Cerceda 2018” e nome e apelidos do menor.

6.4 Unha vez efectuado o ingreso correspondente, non se devolverá o importe satisfeito salvo se acredite a imposibilidade de asistir á actividade mediante certificado médico.

## **7. ACTIVIDADE**

O Aquapark Cerceda dispón dunha ampla e variada gama de atraccións nas que tanto os máis atrevidos como os máis pequenos pasarán unha boa xornada de convivencia. Piscinas de olas, piscinas de chapotear, piscinas infantís, piscinas de natación, tobogáns, jacuzzi, parque infantil, etc. O único parque de Galicia existente destas características.

## **8. ORGANIZA**

Concello de Barbadás

Área de Xuventude

Casa Municipal da Xuventude

Parque da Solaina s/n- A valenzá

Tel.: 988391526 Fax: 988234725

Email: [Xuventude@barbadas.es](mailto:Xuventude@barbadas.es)